

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Elección de xuíz de paz

EDICTO

Convocatoria para elección de Xuíz de Paz titular do municipio da Baña

Próximo a vencer o periodo polo que se nomeou Xuíz de Paz titular e correspondendo ao Pleno do Concello elixir a persoa que se propoñerá para ser nomeadas Xuíz de Paz titular deste Municipio, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, ábrese un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais esixidas presenten a correspondente solicitude dirixida ao alcalde do concello da Baña.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Publícanse o modelo de instancia e declaración responsable como ANEXOS a esta convocatoria.

Na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://concellodabana.gal>].

No caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Baña, 30 de xullo de 2018.

O alcalde,

José Andrés García Cardeso

ANEXO

Convocatoria para elección de Xuíz de Paz titular do municipio da Baña

INSTANCIA PARA PARTICIPAR E DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DO INTERESADO	
Nome e apelidos	NIF/CIF

SOLICITUDE
<p>Que decatado da convocatoria efectuada por este Concello publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. _____, de data _____, para cubrir o posto de Xuíz de paz titular, de acordo co sinalado no Capítulo VI do Título IV da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Título III do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz, EXPOÑO:</p> <p>Que reúno todas as condicións establecidas na normativa vixente para poder acceder ao cargo convocado e en particular:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Posuír a nacionalidade española. – Ser maior de idade. – Estar en pleno exercicio dos meus dereitos civís. – Ser residente nesta localidade, sede do Xulgado de Paz, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza (artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz). – Non estar incurso nalgunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigos 389 a 397). – Non estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial. – Non estar condenado por delito doloso. – Non estar procesado ou inculpado por delito doloso. <p>Que de acordo coa natureza desta Declaración e co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comprométome a pór a disposición da Administración a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos cando por esta sexame requirida.</p> <p>Por todo o exposto DECLARO baixo a miña responsabilidade que cumpro todos os requisitos exixibles para acceder ao cargo de Xuíz de paz e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o período de tempo necesario.</p>
<p>DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:</p> <ul style="list-style-type: none"> – DNI – Certificado negativo de antecedentes penais. – Curriculum persoal – Documentos acreditativos dos méritos alegados no curriculum –
<p>_____, _____ de _____ de 2018.</p> <p>(asinar neste recadro)</p> <p>Asinado: _____</p>